

MMM

APROBADA EN SESIÓN DE 09/05/2019

ACTA DA MESA XERAL DE CONTRATACIÓN

Na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 10:13 horas do día **18 de marzo do ano 2019**, previa convocatoria con especificación dos asuntos a tratar, publicada no perfil de contratante deste concello, reúnese a Mesa Xeral de Contratación constituída con carácter permanente por acordo plenario do 29 de xuño de 2015, cuxa composición foi modificada por acordo do Pleno en sesión de 22 de febreiro de 2018.

Asistentes:

- Preside a sesión D. Roberto Babío Fernández, xefe de servizo de economía e facenda
- Dna. Pilar María Pastor Novo, secretaria xeral, vocal.
- Dna. Vanesa García Barreiro, interventora municipal, vocal.
- Dna. Karina Paula Díaz Arluna, técnico municipal, vocal.
- Dna. María del Carmen Martínez Mosquera, secretaria da mesa de contratación.

C.I.F. P-1503100-H

Polo Sr. Presidente dáse inicio á sesión pasando a examinar os asuntos incluídos na orde do día:

1. Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2018/268.
2. Valoración criterios avaliados automaticamente correspondentes ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para el ahorro energético en alumbrados públicos de la Urba. Aguas Mansas".
3. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para el ahorro energético en alumbrados públicos de la Urba. Aguas Mansas".
4. Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2018/270.
5. Valoración criterios avaliados automaticamente correspondentes ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro".
6. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente CP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro".

1.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2018/268.

Polo sr. Presidente, recórdase que na sesión de 15/01/2019 acordouse declarar as ofertas presentadas polos licitadores **INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL** e **MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL** incursas en presunción de conter valores anormalmente baixos e requirir aos precitados licitadores a xustificación das súas ofertas.

Con data 16/01/2019, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, requiríuse a **INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL** e **MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL** a xustificación das súas ofertas, concedéndolles ata as 23:59 horas do 23/01/2019 prazo para a súa presentación. Durante o prazo concedido só presenta a xustificación **INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL**.

Código do documento	Código do expediente
UCP131010S	UCP/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)  310U 0U11 4L4I 1X4N 1CJU	

O licitador MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL non presentou a documentación requirida dentro do prazo establecido. De conformidade co disposto na cláusula 15.6 PCAP esta falta de xustificación da baixa supón a renuncia do licitador á adxudicación do contrato antes de que se procedese á mesma.

A continuación procédese á lectura e análise do informe emitido polo técnico municipal sobre a xustificación da oferta presentada por Instelec SL, que di:

"INFORME solicitado polo xefe do servizo de Economía e Facenda, en data do 30/01/2019, sobre a apreciación do carácter anormalmente baixo da oferta presentada por *Instalaciones eléctricas coruñesas, SL*, para a obra de "Reforma para o aforro enerxético nas iluminacións públicas da urbanización Augas Mansas".

Na valoración económica da obra *REFORMA PARA EL AHORRO ENERGÉTICO EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DE URBANIZACIÓN AUGAS MANSAS* existen dúas ofertas anormalmente baixas presentadas polas empresas *Instalaciones eléctricas coruñesas, S.L.* e *Montajes eléctricos Vizcaino, S.L.*

A empresa, *Montajes eléctricos Vizcaino, S.L.* non presentou ningunha xustificación da baixa ofertada tal e como esixe o PCAP, polo que é descartada.

A documentación presentada pola empresa *Instalaciones eléctricas coruñesas, S.L.* é analizada e estudada para ver se xustifica adecuadamente o baixo nivel de prezos ofertados, realizando unha adecuada xustificación dos prezos ofertados en base aos criterios establecidos no punto 15.4.3 e 15.4.4 do PCAP, como son as cartas de compromiso dos provedores, os prezos detallados, os medios propios, a relación de maquinaria e ofertas detalladas das unidades de obra.

- 04 UD Luminaria Basic Top II 32 LED 64w
Luminaria Basic Top II Salvi 32 LED 64w o similar con brazo en V, incluyendo equipo regulable pre-programado en fabrica con posibilidad de contra sobretensiones 10Kv y pieza de acoplamiento a soporte existente. RAL a definir.

Prezo Proxecto: 530,00 €
Prezo Ofertado: 220,84 €

A baixa xustifícase co custo do material da luminaria correspondente, que conta coa carta de compromiso do provedor, e a maquinaria e a man de obra xustificadas.

- 05 UD Luminaria Basic Top II 16 LED 32w
Luminaria Basic Top II Salvi 16 LED 32w o similar con brazo en V, incluyendo equipo regulable pre-programado en fabrica con posibilidad de varios escalones, proteccion contra sobretensiones 10Kv y pieza de acoplamiento a soporte existente. RAL a definir.

Prezo Proxecto: 485,00 €
Prezo Ofertado: 201,52 €

A baixa xustifícase co custo do material da luminaria correspondente, que conta coa carta de compromiso do provedor, e a maquinaria e a man de obra xustificadas.

- 06 UD Limpieza y pintado de fuste hasta 5 metros de altura. Limpieza, lijado y pintado de fuste hasta 5 metros en RAL a definir.

Prezo Proxecto: 75,52 €
Prezo Ofertado: 35,05 €

A baixa xustifícase co custo do material de imprimación e esmalte, que contan coa carta de compromiso do provedor, e a man de obra xustificada.

- 07 UD Conductor de derivación.
Conductor de derivación 3g2,5 para interior de columna, conexionado en equipo de la luminaria y caja.

Prezo Proxecto: 12,70 €
Prezo Ofertado: 6,80 €

A baixa xustifícase co custo de material de condutor, que contan coa carta de compromiso do provedor, e a man de obra xustificada.

- 08 UD Cofred de conexiones de alumbrado público
Cofred de conexiones para interior de báculo, equipada con fusibles para protección de línea de derivación y luminaria.

Prezo Proxecto: 20,73 €
Prezo Ofertado: 10,88 €

Código do documento	Código do expediente
UCP13I010S	UCP/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)  310U 0U11 4L4I 1X4N 1CJU	

A baixa xustifícase co custo de material da caixa de conexión, que contan coa carta de compromiso do proveedor, e a man de obra xustificada.

- 02 UD Sustitución de lámpara y equipo auxiliar en luminaria tipo globo con capota
Sustitución de lámpara y equipo en luminaria tipo globo, montaje de equipo 70w Halogenuros Metálicos con lámpara Streetwise General Electric o similar y casquillo E27

Prezo Proxecto: 78,00 €
Prezo Ofertado: 40,37 €

A baixa xustifícase co custo de material do equipo de halóxenos e a lámpada correspondente, que contan coa carta de compromiso do proveedor, e a man de obra xustificada.

- 03 UD Sustitución de Lámpara y equipo auxiliar en luminaria en báculo o columna
Sustitución de lámpara y equipo en luminaria en báculo o columna, montaje de equipo 100w Halogenuros Metálicos con lámpara Streetwise General Electric o similar.

Prezo Proxecto: 155,00 €
Prezo Ofertado: 72,11 €

A baixa xustifícase co custo de material do equipo de halóxenos e a lámpada correspondente, que contan coa carta de compromiso do proveedor, e a maquinaria e a man de obra xustificadas.

As anteriores partidas xustifican a práctica totalidade (por enriba do 99%) da baixa ofertada.

Así mesmo tense en conta o volume de obra contratada e os rendementos estimados para a execución da obra, así como o feito de que se trata dunha empresa acreditada e de recoñecida solvencia.

Unha vez analizada a xustificación presentada por *Instalaciones eléctricas coruñesas, S.L.*, atendendo aos criterios obxectivos determinados no PCAP, conclúese que explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e custes propostos polo licitador e, polo tanto, a oferta **pode ser cumprida** nos termos nos que está formulada."

C.I.F. P-1503100-H

Intervén a Sra. Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello e di que no informe técnico se xustifica a baixa, segundo nel se indica, co custo de material do equipo de halóxenos e a lámpada correspondente, se ben a multiplicación dos prezos que indica polo número de unidades que sinala arroxa unha cantidade total de 2.532,77 € que é moi inferior á da baixa, e que por outra parte no dito informe non se fai referencia á maquinaria, cando o licitador basea tamén a xustificación da súa oferta con esta.

Continúa a Sra. Pastor Novo dicindo que á vista das baixas nos prezos dos materiais (nalgúns casos superiores ao 50% segundo se reflicte no informe técnico) se reitera no seu criterio de que os prezos dos proxectos deben revisarse por un técnico municipal que acredite a súa adecuación aos prezos de mercado.

Intervén a Sra. Garcia Barreiro, e di que debería solicitarse unha aclaración do informe técnico ao seu autor.

O Sr. Presidente propón deixar o asunto sobre a mesa e solicitar o informe de aclaración.

2.- Valoración criterios avaliados automaticamente correspondentes ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para el ahorro energético en alumbrados públicos de la Urba. Aguas Mansas".

O presente asunto queda sobre a mesa en canto no se emita o informe de aclaración ao que se fai referencia no punto anterior.

3.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para el ahorro energético en alumbrados públicos de la Urba. Aguas Mansas".

O presente asunto queda sobre a mesa en canto no se emita o informe de aclaración ao que se fai referencia no punto anterior.

4.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2018/270.

Polo sr. Presidente recórdase que na sesión de 28/01/2019 acordouse declarar a oferta presentada polo licitador, CANARGA SL incurso en presunción de conter valores anormalmente baixos, e requirir ao precitado licitador a xustificación da súa oferta.

Con data 28/01/2019, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, requiríuse a CANARGA SL, a xustificación da súa oferta, concedéndolle ata as 23:59 horas do 04/02/2019 prazo para a súa presentación. Durante o prazo concedido presenta a xustificación CANARGA SL,

A continuación procédese á lectura e análise do informe emitido polo técnico municipal sobre a xustificación da oferta, que di:

"INFORME TÉCNICO sobre a consideración de oferta anormalmente baixa presentada por CANARGA, SL, para á licitación da obra "Pavimentación en la R/ Regueiro", incluída no POS+2018.

A documentación presentada por esta empresa é analizada e estudada para ver se se axusta ao prego de condicións administrativas particulares, realizando unha adecuada xustificación dos prezos ofertados en base aos criterios establecidos no punto 15.4.4, como son as cartas de compromiso dos provedores, os prezos detallados, os medios propios, a relación de maquinaria e ofertas detalladas das unidades de obra.

En concreto realízanse as xustificacións de todas as partidas que comportan unha importante redución do prezo.

Partidas:

1.1 01.01.B m2 BARRIDO POR MEDIOS MECÁNICOS DE SUPERFICIE DE PAVIMENTO EXISTENTE

BARRIDO POR MEDIOS MECÁNICOS DE SUPERFICIE DE PAVIMENTO EXISTENTE, MEDIANTE CEPILLO DE ALAMBRE, INCLUSO REPASO MANUAL

Proxecto: 0,80 €

Proxecto + Baixa + 19 % = 0,60 €

Custo Xustificado: 0,49 €

A baixa xustifícase co custo da maquinaria e a man de obra xustificada.

2.1 02.01.E m2 EMULSIÓN C60BP3 TER, MODIFICADA CON POLÍMEROS, EN RIEGO DE ADHERENCIA

EMULSIÓN C60BP3 TER, MODIFICADA CON POLÍMEROS, EN RIEGO DE ADHERENCIA CON UNA DOTACIÓN DE 1 KG/M2 i/ BARRIDO Y PREPARACIÓN DE LA SUPERFICIE, TOTALMENTE TERMINADO

Proxecto: 0,85 €

Proxecto + Baixa + 19 % = 0,64 €

Custo Xustificado: 0,36 €

A baixa xustifícase co custo do material de emulsión, que conta coa carta de compromiso do provedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

2.2 02.02.M m2 M.B.C DISCONTINUA TIPO BBTM8A CON BETUN PMB 45/80-65 DE 3 CM DE ESPESOR

M.B.C DISCONTINUA TIPO BBTM8A CON BETUN PMB 45/80-65 DE 3 CM DE ESPESOR EN CAPA DE RODADURA, INCLUSO FABRICACIÓN, TRANSPORTE, EXTENSIÓN Y COMPACTACIÓN INCLUIDO FILLER Y BETÚN

Proxecto: 4,95 €

Proxecto + Baixa + 19 % = 3,71 €

Custo Xustificado: 3,03 €

A baixa xustifícase co custo do material de betún e dos áridos, que contan coas cartas de compromiso dos provedores, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

3.1 03.01.M m MARCA VIAL REFLEXIVA DE 15 CM EN BORDE Y 10 CM EN EJE

MARCA VIAL REFLEXIVA DE 15 CM EN BORDE DE CALZADA Y 10 CM EN EJE REALMENTE PINTADA, CON PINTURA REFLEXIVA Y MICROESFERAS DE VIDRIO, REALIZADA CON MÁQUINA AUTOPROPULSADA, INCLUSO REMARCAJE

Proxecto: 2,50 €

Proxecto + Baixa + 19 % = 1,87 €

Custo Xustificado: 1,09 €

A baixa xustifícase co custo do material de pintura, que conta coa carta de compromiso do provedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

3.2 03.02.S m2 SUPERFICIE REALMENTE PINTADA EN CEBREADOS

Código do documento	Código do expediente
UCP13I010S	UCP/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)  310U 0U11 4L4I 1X4N 1CJU	

SUPERFICIE REALMENTE PINTADA EN CEBREADOS EJECUTADA CON PINTURA TERMOPLÁSTICA EN FRÍO DOS COMPONENTES, REFLEXIVA, CON APLICACIÓN DE MICROESFERAS DE VIDRIO, INCLUSO BARRIDO Y PREPARACION DE LA SUPERFICIE PAVIMENTADA, INCLUSOPREMARCAJE TOTALMENTE TERMINADA

Proxecto: 15,00 €
Proxecto + Baixa + 19 % = 11,23 €
Custo Xustificado: 10,00 €

A baixa xustifícase co custo do material de pintura, que conta coa carta de compromiso do proveedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

3.3 03.03.S ud SEÑAL REFLECTANTE CUADRADA DE 60 CM DE LADO REFLECTANCIA NIVEL 2
SEÑAL REFLECTANTE CUADRADA DE 60 CM DE LADO REFLECTANCIA NIVEL 2, FIJADA SOBRE DADO DE HORMIGÓN HM-20 DE 50x50x70 CM, INCLUSO POSTE GALVANIZADO Y TORNILLERÍA COLOCADA Y TOTALMENTE TERMINADA

Proxecto: 112,50 €
Proxecto + Baixa + 19 % = 84,21 €
Custo Xustificado: 85,00 €

A baixa xustifícase co custo do material de sinal, que conta coa carta de compromiso do proveedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada. A xustificación completa contempla unha perda nesta partida de 0,79 € respecto aos custos da mesma, perda compensada noutras unidades tal e como expón o informe de baixa.

4.1 04.01.P ud PUESTA A COTA DE ARQUETONES EXISTENTES
PUESTA A COTA DE ARQUETONES EXISTENTES, INCLUSO MATERIALES Y MEDIOS AUXILIARES TOTALMENTE TERMINADO

Proxecto: 110,00 €
Proxecto + Baixa + 19 % = 82,34 €
Custo Xustificado: 78,00 €

A baixa xustifícase co custo do material de formigón, que conta coa carta de compromiso do proveedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

4.2 04.02.P ud PUESTA A COTA DE LLAVES DE AGUA
PUESTA A COTA DE LLAVES DE AGUA INCLUSO MATERIALES Y MEDIOS AUXILIARES TOTALMENTE TERMINADO

Proxecto: 40,00 €
Proxecto + Baixa + 19 % = 29,94 €
Custo Xustificado: 22,88 €

A baixa xustifícase co custo do material de formigón, que conta coa carta de compromiso do proveedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

4.3 04.03.P ud PUESTA A COTA DE TAPAS DE SANEAMIENTO, PLUVIALES Y SUMIDEROS EXISTENTES
PUESTA A COTA DE TAPAS DE SANEAMIENTO, PLUVIALES Y SUMIDEROS EXISTENTES, INCLUSO MATERIALES Y MEDIOS AUXILIARES TOTALMENTE TERMINADO

Proxecto: 70,00 €
Proxecto + Baixa + 19 % = 52,40 €
Custo Xustificado: 50,33 €

A baixa xustifícase co custo do material de formigón, que conta coa carta de compromiso do proveedor, e a maquinaria e a man de obra xustificada.

As anteriores partidas comportan a práctica totalidade da baixa ofertada, xustifícase que se manteñen os gastos xerais do 13%, o beneficio industrial e o 1% aplicable ao control de calidade.

Así mesmo tense en conta o volume de obra contratada e os rendementos estimados para a execución da obra, así como o feito de que se trata dunha empresa acreditada e de recoñecida solvencia.

Unha vez analizada a xustificación presentada, atendendo aos criterios obxectivos determinados no PCAP, conclúese que Canarga, SL explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e dos custos propostos polo licitador e, polo tanto, a oferta **pode ser cumprida** nos termos nos que está formulada”

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
UCP13I010S	UCP/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)  310U 0U11 4L4I 1X4N 1CJU	

Intervén a sra. Pastor Novo e manifesta que como no caso anterior no informe técnico non se xustifica a baixa, xa que no mesmo non se recolle nada sobre o material nin a man de obra, aspectos no que o licitador xustifica a súa oferta. Reitérase no dito anteriormente en relación dos prezos das unidades de obra contempladas nos proxectos.

O Sr. Presidente propón deixar o asunto sobre a mesa e solicitar o informe de aclaración.

5.- Valoración criterios avaliables automáticamente correspondentes ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de “Pavimentación en la rúa Regueiro”.

O presente asunto queda sobre a mesa en canto no se emita o informe de aclaración ao que se fai referencia no punto anterior.

6.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente CP/2018/270 para adxudicar o contrato de “Pavimentación en la rúa Regueiro”.

O presente asunto queda sobre a mesa en canto no se emita o informe de aclaración ao que se fai referencia no punto anterior.

Dáse por finalizado o acto, sendo as 10:25 horas, e redactándose a presente acta, que asina comigo o Sr. Presidente, e da que, como secretaria da Mesa de Contratación, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)